

# A lingua galega en Asturias: o difícil camiño cara ao subestándar

XAVIER FRÍAS CONDE

## CATRO MINORÍAS DENTRO DE MINORÍAS NA PENÍNSULA IBÉRICA

Dentro do panorama lingüístico ibérico percíbese claramente que non todas as linguas cooficiais ou con algunha caste de recoñecemento están nunha situación legal óptima posto que se falan en zonas fronteirizas máis aló das áreas patrimoniais. Existen varios casos en España e un en Portugal que merecen o interese de lingüistas, políticos e ata sociólogos; trátase da Val d'Aran en Lleida, enclave de lingua occitana en Cataluña, do catalán na Franja de Ponent, enclave de lingua catalana en Aragón, a Terra Eo-Navia en Asturias, enclave de lingua galega en Asturias (e que se prolonga polo Baixo Bierzo en León, As Portelas en Zamora e tres vilas da Serra de Xalma en Cáceres) e finalmente La Tierra de Miranda en Portugal (Tras-os-Montes), enclave asturleonés en territorio portugués. Todos estes falares son minoritarios e áchanse en situacións lexislativas distintas.

Posúen unha lexislación que recoñece a particularidade lingüística destas áreas A Val d'Aran, pola parte da Generalitat de Cataluña e a Terra de Miranda, que desde 1998 ten o mirandés como lingua cooficial xunto co portugués mercé a unha resolución do parlamento luso. En troque, o catalán de Aragón e o galego exterior, apenas teñen vagas referencias nas leis das súas respectivas comunidades autónomas. No caso do galego en Castela-León existe un recoñecemento indirecto polo cal se via permitir o ensino voluntario do galego nas áreas galegófonas lindeiras con Galiza, mentres que en Asturias o galego é tido como *unha variante* (sen especificar de que) que recibe os nomes máis variados co gallo de desvirtuar a súa natureza lingüística por razóns políticas.

Se ben as diferencias lexislativas son un feito, a situación sociolingüística destas catro áreas ten elementos comúns que se poden esquematizar do seguinte xeito:

1. Os falantes teñen consciencia de falaren distinto aos modelos de estándar propostos para o catalán e galego (para o asturleonés, os mirandeses apenas coñecen o asturiano padrón), aínda que na maioría dos casos senten que forman parte dunha comunidade lingüística superior (catalana, galega ou asturleonese). Isto está plenamente xustificado por seren os seus dialectos abondo peculiares dentro dos respectivos dominios lingüísticos, por coñeceren elementos de transición que só se dan nestas zonas e por posuíren unha gran cantidade de arcaísmos. Tal diferenciación lingüística provoca unha consciencia sociolingüística de teren unha personalidade dialectal propia.
2. O feito de pertenceren a rexións ou nacionalidades distintas a aquelas nas que se achán a maioría dos falantes da súa lingua acentúa o sinalado no punto anterior. Por esa razón, en todas estas áreas se fala de procurar subestándares para a normalización e normativización da lingua, posto que a conscientización lingüística e os elementos normalizadores que se introducen nas novas xeracións funcionan dunha forma moi diferente nestas áreas; doutra banda, o grao de localismo que se dá nestas zonas chega ás veces a extremos increíbles.

Estes dous puntos serán desenvolvidos máis adiante en falando do caso concreto do galego de Asturias. En todo caso, pódese comprobar que a situación de partida do galego de Asturias é, en principio, a mesma das outras minorías dentro de España e Portugal.

## O GALEGO FALADO EN ASTURIAS

A rexión do Eo-Navia, no ultraoccidente de Asturias, non vén sendo, segundo temos xa sinalado, allea ao proceso de fixación das linguas hispánicas, que en Galicia e Asturias comezou no inicio dos oitenta. Esta área asturiana galegofalante ten unha súa personalidade ben marcada e definida, tanto no lingüístico coma no sociolóxico, caracterizándose moi singularmente dentro do conxunto de territorios que compoñen o noroccidente peninsular.

É importante ter en conta como empezou o proceso de estandarización, aínda que sexa dunha maneira moi breve. En Galicia a normativa vixente fíxase no 1982 e desde ese día vén sendo o motor do desenvolvemento da cultura, especialmente a literatura, que se fai en Galicia, sendo, amais, elemento vehicular dunha parte da educación non universitaria e de parte da universitaria. Loxicamente a todos nos gustaría que a cousa fose a máis, mais polo de agora este proceso (que eu vexo con optimismo) vai adiante aínda que paseniñamente. Ao mesmo tempo, en Asturias produciuse paralelamente o mesmo proceso, aínda que alí a lingua non tivo nin ten o grao de oficialidade que ten o galego en Galicia. Aínda así, a normalización que se vén producindo en Asturias favoreceu unha florecente literatura e ultimamente o

acordar de sectores intelectuais ao asturiano coma lingua propia da maior parte de Asturias.

A Terra Eo-Navia, a cabalo entre Asturias e Galicia, cultural e lingüística-mente galega, mais xeográfica e politicamente asturiana, achegouse tardiamente a este proceso. Nesta rexión non se desenvolveu o interese lingüístico ao mesmo ritmo que en Santiago ou en Oviedo, mais desde finais dos oitenta algúns intelectuais da zona comezaron a se preocupar pola lingua galega de Asturias. Cómpre ter moi presente que a fronteira política é un elemento que condiciona enormemente as influencias que veñan de Galicia, mais ao mesmo tempo, ao non ser unha área lingüísticamente asturiana, o desenvolvemento da fixación idiomática desenvolveuse por vieiros propios. A isto é mester engadir a xa mentada personalidade que posúe a zona, manifestada no galego eonaviego que é, sen dúbida, o dialecto galego máis singular dentro do corpus galego e un dos máis interesantes do galego-portugués.

Estes factores levaron algúns intelectuais da zona a quererem procurar un desenvolvemento da lingua á marxe do tronco ao que pertence, nunha postura que se pode cualificar de isolacionista, tendo, coma único referente, o asturiano padrón. Filoloxicamente é insostible tal proceder, mais cómpre entender que está motivado por razóns políticas e non lingüísticas, dado que non é admisible que o galego eonaviego ou galego asturiano se escriba con apóstrofos e is gregos á maneira do asturiano. Fronte a este proceder, outro grupo, que se podería cualificar coma integradorista (que ve, conforme á Romanística, que o galego de Asturias é galego) pretende fixar o idioma nun subpadrón ou subestándar que recolla as características do dialecto galego asturiano, mais ao mesmo tempo non se afaste do tronco galego do que forma parte. Entre estes últimos hai escritores que, sen renunciaren ao falar materno, empregan decote o galego padrón por se sentiren parte dunha mesma cultura.

É claro que, sen renunciar á integración do galego eonaviego no resto da órbita idiomática galega, é preciso establecer un subpadrón para a súa normalización. Acho dúas razóns para isto: a primeira é que a xente da zona, pola situación na que se atopa o país, quere unha normalización do galego eonaviego polo de agora (sen máis pretensións a curto prazo, porque outras pretensións serían desastrosas para a sobrevivencia do idioma); a segunda é que o goberno autónomo do Principado, após a aprobación da lei de uso do asturiano, que fai extensible ao galego eonaviego, ha fixar o idioma. Neste sentido é importante dar unhas pautas moi claras antes que os políticos fiquen convencidos, como pretenden certos sectores, que o galego en Asturias é a terceira lingua do ámbito galego-portugués, o chamado *galego-asturiano*, o cal é a antesala da súa desaparición.

Para afrontar tal fixación ortográfica e morfolóxica, é mester analizar certas cuestións ás que ata agora non se ten achado solución. Desde estas páxinas, vou lanzar unhas propostas razoadas que traian luz a este espiñento problema de normativizar unha lingua.

## AS PROPOSTAS DE NORMATIVA ACTUAIS

Xa dixen enantes que a estandarización do idioma galego en Asturias ten dúas tendencias. Desde o punto de vista lingüístico, *só se pode fixar o eonaviego desde a normativa vixente do galego actual*. Outra solución vai contra calquera principio filolóxico.

No comezo dos noventa apareceron dúas propostas de normativa: a primeira é a da Mesa pola Defensa del Galego de Asturias (MDGA), as *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias* e a segunda é a *Proposta de normas ortográficas y morfolóxicas del gal(l)ego-asturiano* publicadas pola Consellería de Cultura do Principado, algo máis recente.

Verbo da segunda, é empregada por un colectivo de escritores, mais por baixo da ortografía caótica que esconde é doadamenre recoñecible o galego. Verbo da primeira, é unha interesantísima proposta, ben baseada no galego padrón no ortográfico, mais con algunhas lagoas no morfolóxico. Ela é, con todo, a nosa base de partida, mais cómpre sinalar algúns elementos que unha definitiva fixación ortográfica e morfolóxica do galego de Asturias debe ter que non están nada claros.

Durante os dous derradeiros números da revista *A Freita* (números 10 e 11) veño publicando unha proposta de normativa para o galego de Asturias. Nela recollo algúns dos puntos que desenvolverei arreo, mais sen a profundidade que sería desexable. Calquera normativización do galego eonaviego ha ter dúas características fundamentais ao meu ver. A primeira é unha fixación ortográfica clara e inflexible baseada no galego padrón (non cansarei de insistir nisto) e a segunda, paradoxalmnte, unha inmensa flexibilidade no morfolóxico.

En chegando a esta altura, xorde falar dun fenómeno que se vén desenvolvendo nos últimos anos na revista *A Freita* e sobretudo no seu suplemento literario *O Espello*. Trátase dun sistema de compromiso polo que o galego asturiano se espella sen algúns dos seus elementos máis característicos, tales que os artigos *el, uha*, os posesivos *tou, sou* e outros elementos moi senlleiros do dialecto para se achegar ao galego padrón. Esta tendencia faise co gallo de que as diferencias entre o galego padrón e mais o subpadrón eonaviego se reduzan. Con todo, consérvanse importantes elementos que forman parte da identidade do galego falado en Asturias<sup>1</sup>. Esta postura véñse chamando *normativa de puntos máximos* por manter os máximos elementos comúns coa lingua estándar, mentres que o mantemento de formas moi achegadas á fala é chamada *normativa de puntos mínimos*. Ambas as dúas deben convivir e ser unha opción que tome calquera escritor cando quixer, de aí que me referise á flexibilidade da morfoloxía.

<sup>1</sup> Este procedemento é normal no catalán escrito das Baleares e do País Valenciano, que conservan algúns trazos de seu fronte ao catalán de Cataluña (no caso do balear renúnciase na escrita culta aos seus típicos artigos *es, sa, es, ses* para adoptar os da lingua padrón: *el, la, els, les*).

Esta interpretación flexible da normativa responde a dous factores. En primeiro lugar, a personalidade sociolóxica da Terra Eo-Navia á que veño facendo referencia e que obriga a ter un gran coidado coas formas que se empregan na lingua; dado que a escolarización en galego é mínima e ademais se fai sen unha normativa clara (depende de cada mestre, os cales en xeral teñen unha preparación lingüística deficiente), non hai un referente culto da lingua no ensino, aínda que si o hai na televisión<sup>2</sup>. En segundo lugar, o poder pasar dos puntos mínimos para os máximos ou viceversa permite que a literatura escrita en galego de Asturias teña como público de referencia ora o eonaviego, ora o galego xeral, de maneira que cada escritor (e cada utente da lingua) poida escoller un rexistro escrito máis achegado á súa fala ou á lingua literaria segundo as circunstancias. Esta dobre posibilidade estamos a utilizala no suplemento *O Espello* con óptimos resultados.

## ELEMENTOS DE ORTOGRAFÍA

No eido da ortografía, non nos podemos afastar do estándar vixente tal como veño expondo. Non obstante, hai peculiaridades que son propias do galego asturiano e que precisan un tratamento propio, individualizado. Non podemos aplicar solucións á *asturiana*, porque é evidente que asturiano e galego son idiomas diferentes.

Hai elementos que xa veñen fixados pola normativa oficial do galego, tales que o uso das letras <b/v>, <h>, <x> e <ll/i>; as contraccións (agás uns casos que veremos despois; a terminación *-ado*; a acentuación (agás algúns diacríticos que veremos logo) e mais os guións (onde mesmo a asimilación do artigo ao verbo é coincidente coa lingua padrón), etc.)

Moitos dos elementos que a continuación se tratan parecen obvios, mais a castellanización do idioma fai que os escritores dubiden, por iso non está de máis tratar deles.

### I. VOCALIS ÁTONAS

Haberá plena coincidencia co resto do galego. A conxunción copulativa gráfase só *e* aínda que se dean ata tres pronunciacións (/e/, /i/ e /ja/). O mesmo pode dicirse para a tamén conxunción *se* e mais a preposición *sen*.

---

<sup>2</sup> Este é un fenómeno moi recente e que sociolingüísticamente ten moito interese. Os rapaces eonaviegos teñen, en moitos casos, acceso a TVG, de xeito que ven a televisión en galego. Estase a producir o fenómeno xa constatado de que moitos nenos xa non falan o galego da casa, senón que comezan a facer máis e máis emprego do galego estándar que senten na televisión. Tal comportamento pode ter como consecuencia que o galego se mantéña durante máis tempo no occidente de Asturias. Persoalmente opino que é mil veces preferible que os nenos se expresen nunha variedade de galego a que o fagan en español; ao cabo, estanse a expresar nunha variante culta da súa lingua.

## 2. A PALATALIZACIÓN

É ben sabido que unha parte do galego falado en Asturias sofre unha palatalización dos termos patrimoniais que comezan por L- ou teñen o grupo romance -LL-. Tal particularidade non se acha no resto do galego, aínda que múltiples testemuños, cos que agora non me estenderei, apuntan a que outrora esta palatalización acadou probablemente todo o territorio de fala galega de Asturias e hai trazas de que pentrou mesmo en Lugo, como demostra a toponimia. Mais a cuestión que nos interesa é que o espellamento desta característica do galego eonaviego non debe ser un elemento que rompa a unidade ortográfica. É claro que se uns falantes din *lúa*, *lobo*, *martelo*, *tolo* coma no resto do galego-portugués e outros o pronuncian *llúa*, *llobo*, *martello*, *tollo*, hai un problema de unidade ortográfica. Na grafía de máximos non sería axeitado espallar tal fenómeno, mais na de mínimos cómpre buscarlle unha solución.

No *Espello* optamos por reflexar a palatalización co digrafo -lh-. Xustifícase porque quen escribir *lhúa*, *lhobo*, *martelho*, *tolho* mantense en unidade cos que usan *lúa*, *lobo*, *martelo*, *tolo*. Iso permite deixar sen tocar os resultados de -C'L-, -LJ- e -G'L- en *abella*, *muller*, *tella*, que os autores asturianizantes grafan con -y-, e que dan lugar a confusións: *llúa*, *llobo*, *martello*, *tollo*, *abella*, *muller*, *tella*, todo con -ll-. Algúns autores queren insistentemente manter diferenciación de formas respouendendo a unha realidade da fala (aínda que en decadencia). Deste xeito, a unidade da lingua no ortográfico mantense outra volta a salvo e os falantes non palatalizadores que lesen un texto no que aparezan palabras con <lh> non teñen máis que o ler como se só estivese escrito con -l-.

En resumo, os resultados de L- e -LL- admiten dobre grafía (*lúa*~*lhúa*, *lobo*~*lhobo*, *martelo*~*martelho*, *tolo*~*tolho*), mentres que os derivados de -C'L-, -LJ- e -G'L- só teñen unha, coincidente co galego padrón.

Tamén coincidirá co galego padrón o emprego de -i- con valor consonántico en palabras como *maio*, *maior*, *boia*, *oio* (de *oír*), *traia* (de *traer* ~*trer*), *vaia*, *caia* (de *caer*). É preciso dicir que tanto o grafado con <ll>, <lh> ou <i> ten no eonaviego moderno practicamente unha única pronuncia: /y/, mais hase manter a tradición literaria galega<sup>3</sup>.

## 3. A METAFONÍA POR ANTIGA NASAL

Tamén o eonaviego presenta un resultado diferente por zonas para os resultados do latín -ENA(S), -ENOS e mais -ONA(S). Así, na zona sur do terri-

<sup>3</sup> Contodo, non está claro que na zona palatalizadora os resultados sexan sempre os expostos enriba. Hai testemuños de que en puntos como Boal e Coaña non se distingufan -ll- e -y-, senón que a solución é sempre -y-; deste modo, o ieísmo sería pauta antiquísima do galego de Asturias tanto na zona que palataliza como na que non. Isto podía levarnos a plantexar esta cuestión doutro modo: as parellas de enriba admitirían dobre grafía: *leite*~*lleite*, *marelo*~*marello* e sempre *traballar*, *muller*. De feito, na maioría dos escritos que se fan na revista *A Freita* este é o criterio seguido.

torio eonaviego úsanse formas coincidentes co resto do galego: *chea*, *cheos*, *cheas*; *ladroa*, *ladroas*, mentres que na zona norte e centro estas formas devesen *cháa*, *chíos*, *chías*; *ladrúa*, *ladrúas*. Por suposto, o fenómeno afecta a nomes, non só a adxectivos como aparecen nos exemplos anteriores.

Para o masculino singular a forma común a todo o eonaviego é *-én* (*centén*, *fren*, *sén*, *terréen*, *chen*), polo que non se plantexa ningún problema, mais en pasando ao feminino e ao plural dáse a metétese por antiga nasal.

Para solventar que se usen formas dobres e así continuar a manter a unidade ortográfica do idioma, unha boa solución sería utilizar o til circunflexo nas letras *-e-* e *-o-*. Deste modo escribiríase: *chen*, *chea~chêa*, *cheos~chêos*, *cheas~chêas*; *bon*, *boa~bôas*, *bos~bôs*, *boas~bôas*. Os plurais de *sén*, *fren*, *terréen* poderán ser igualmente *seos~sêos*, *freos~frêos*, *terreos~terrêos*.

Para certas formas femininas mais coa mesma orixe, é válida tamén esta solución: *avea~avêa*, *cadea~cadêa*, *area~arêa*. O til hase usar sempre que a sílaba afectada sexa tónica, mais é desnecesario cando é átona, de maneira que en formas derivadas non é mester usalo: *encadeado*, *areal*, porque en ambas as zonas se pronuncia igual.

A perda de *-n-* tamén plantexa un problema igual nun grupo de verbos, os rematados en *-oar* e *-ear*, que toman *-u-/i-* na vocal rizotónica nas áreas do norte e centro, mentres que se manteñen igual que no galego común no sur. Segue a ter validez a proposta anterior, pois se trataría de utilizar o circunflexo nas formas tónicas. Así, se tomamos coma modelos de paradigma *amontoar* e *cear*, teríamos:

	Forma I	Forma II	Forma I	Forma II
Pres. ind.	<i>amontoo</i>	<i>amontôo</i>	<i>ceo</i>	<i>cêo</i>
	<i>amontoas</i>	<i>amontôas</i>	<i>ceas</i>	<i>cêas</i>
	<i>amontoa</i>	<i>amontôa</i>	<i>cea</i>	<i>cêa</i>
	<i>amontoamos</i>	<i>amontoamos</i>	<i>ceamos</i>	<i>ceamos</i>
	<i>amontoades</i>	<i>amontoades</i>	<i>ceades</i>	<i>ceades</i>
	<i>amontoan</i>	<i>amontôan</i>	<i>cean</i>	<i>cêan</i>
Pres. subx.	<i>amontoe</i>	<i>amontôe</i>	<i>cee</i>	<i>cêe</i>
	<i>amontoes</i>	<i>amontôes</i>	<i>cees</i>	<i>cêes</i>
	<i>amontoe</i>	<i>amontôe</i>	<i>cee</i>	<i>cêe</i>
	<i>amontoemos</i>	<i>amontoemos</i>	<i>ceemos</i>	<i>ceemos</i>
	<i>amontoedes</i>	<i>amontoedes</i>	<i>ceedes</i>	<i>ceedes</i>
	<i>amontoen</i>	<i>amontôen</i>	<i>ceen</i>	<i>cêen</i>

Este uso do circunflexo non inclúe outros verbos que teñen terminación en *-ear* mais cuxa orixe non está na perda de nasal, do tipo *pasear*, *guerrear*, etc. Mais si inclúe o presente de subxuntivo do verbo *dar* por ter dobre forma coincidente coas dúas áreas enantes citadas: *dea~dêa*, *deas~dêas*, etc. O uso das formas con metafónica non é aconsellable na normativa de máximos.

## 4. USO DO ACENTO GRÁFICO DIACRÍTICO

Polas peculiaridades do galego eonaviego, hai certos casos especiais que precisan un acento gráfico diacrítico cando estes son descoñecidos no galego común. Trátase de:

Inacentuadas	Acentuadas
<i>cal</i> (=cal)	<i>cál</i> (=canle)
<i>grao</i> (=grao)	<i>gráo</i> (=gran)
<i>celo</i> (=cío)	<i>célo</i> (=ceo)
<i>sen</i> (prep.)	<i>sén</i> (=seo)
<i>pois</i> (conx.)	<i>póis</i> (=pos, de >pór=)
<i>sou</i> (=seu)	<i>sóu</i> (=son, de >ser=)
<i>tou</i> (=teu)	<i>tóu</i> (=estou) <sup>4</sup>

Un caso que aparece con frecuencia na escrita é o de acentuar o pronome tónico de terceira persoa masculino *el* para o distinguir do artigo definido *el*. Non se debe acentuar o pronome dado que en galego non se diferencia cun til o adxectivo do pronome no caso dos demostrativos, de xeito que esta norma é extensible ao pronome e artigos homófonos. Non obstante, ás veces poden coincidir moi achegados nunha frase e entón é potestativo pór un til ao pronome: *el que él dice está ben*. Mais *el anda algo canso*.

5. CONSERVACIÓN OU PERDA DE -L-. Na maior parte do eonaviego hai conservación do -l- intervocálico que permite atopar *dolo*, *calente*, *avolo*, *palo*, mentres nas áreas máis achegadas a Galicia xa se coñecen *dó*, *quente*, *avó*, *pao*. Na escrita do galego asturiano é indiferente o uso dunhas formas ou outras. No plural, a normativa de máximos tende á perda: *animais*, *fardeis*, *carrís*, *caracois*, *azuis*.

6. O ARTIGO INDEFINIDO. Aquí preséntase unha forma particular da maioría do galego eonaviego; trátase do feminino, que se pronuncia /úa/ ou /ua/ e mesmo /o/. Para a súa escrita vimos usando no suplemento *O Espello* a grafía *uha*, con -h- intercalado. As razóns que me levan a esta proposta de grafía son dúas, que me parecen suficientes para xustificalo. En primeiro lugar, esta grafía é moito máis asemellada á xeral do galego *unha*; deste xeito hai unha similitude formal que permite recoñecer *unha* e *uha* coma alomorfos (téñase amais en conta que *unha* é tamén forma usada en certas áreas da Asturias de fala galega e ata conviven ambas as dúas). En segundo lugar, hai algún vestixio de *uha* nun documento que recolle unha cantiga popular que reza así<sup>5</sup>:

<sup>4</sup> É preferible usar a forma completa *estar* en toda a conxugación, mais no caso de se empregar a forma reducida, propia da fala, hai que acentuar varias formas do presente de indicativo: *tóu*, *tás*, *tá*, *tamos*, *tades*, *tán*.

<sup>5</sup> CABAL, C. *Las costumbres asturianas, su significación y sus orígenes. La familia*. Madrid, 1931 págs. 555.



*Veite cerzo, cercellín  
deste valhe regueirín,  
que aí che vén Xoán de riba  
xurando e devotando  
que che ha partir uha (sic) dida  
se te colle costa arriba,  
que che ha partir un brazo  
se te colle costa abaxo*

Tamén verbo do mesmo paradigma do artigo indefinido, paréceme axeitado grafar os plurais /us/ e /úis/ igual que no galego común, é dicir: *uns*, aínda que se sabe que a súa pronuncia non é tal. A razón desta proposta está novamente no mantemento da unidade ortográfica de todo o idioma. Loxicamente, quen quixer usar a outra forma posible (con todo, moito menos espallada) *unhos* non terá problemas coa grafía. Na normativa de máximos sempre é preferible usar as formas do artigo coincidentes co galego común, mentres que quen quixer usar a normativa de mínimos hai máis formas para escoller, mais non con grafías como *\*úa* e *\*us*.

Se se usar *uha*, entón os seus derivados tamén han levar este -h-: *alguha* e *ninguha*. O mesmo, como é natural, vale para as contraccións: *cuha*, *duha*, *nuha*.

## ELEMENTOS DE MORFOSINTAXE

Neste apartado referireime a certas cuestións que plantexan dúbida nos escritores do Eo-Navia. Xa dixen enantes que se ha ser máis rigoroso no terreo ortográfico, mais cómpre ser moi flexible no morfolóxico. Con todo, hai certos puntos que deben ser fixados para evitar caer en castelanismos, asturianismos ou vulgarismos.

1. CONTRACCIÓNS. Seguirase a normativa do galego padrón verbo das contraccións, mais hai certos casos, propios do galego de Asturias, que cómpre sinalar. Trátase das contraccións co artigo *el*, e que resultan: *al*, *co~coel*, *del*, *no~nel* (a segunda forma preferiblemente só en contexto vocálico: *nel eira*, *nel outra casa*).

No feminino, a contracción de *con* co artigo *a*, e relacionándoo co dito no punto 3, hai dobrete *coa~côa*.

2. TERMINACIÓNS. As terminacións -ade e -ude, que se empregan no galego literario mais que non son tales na lingua falada, han ser tamén as que se usen no galego eonaviego escrito, aínda que tampouco aquí se pronuncien. Polo tanto, haberá escribirse sempre: *verdade*, *señardade*, *solicitude*, *aptitude*. Tamén é preciso seguir o criterio de usar o -i- da terminación -idade e non admitir a castelanizante -edade: *novidade*, *mocidade*, *antiguidade* e tamén *solidade* (se non *soidade*).

Outra terminación propia é *-ao* (<ANU) que é a forma patrimonial fronte ao galego común *-án* e ao portugués *-ão*. Por tanto, son formas literarias *castelao*, *aldeao*, *artesaο cristiaο*, cuxos femininos son iguais aos do galego estándar. Neste sentido, é mester ter presente que en galego de Asturias é normal que haxa femininos en *-á* mentres no galego padrón se dan en *-ana*, como *folgazá*.

3. PLURAIS. No tocante aos plurais en *-l*, xa me referín a eles no punto 4. Os plurais en *-n*, de orixe diferente a *-ENOS* (tipo *cheos*, *terreos*), teñen un plural *-eis*: *almaceis*, *reteis*. O plural de *fin* é *fins*, pronunciado /fís/ (o mesmo para os compostos, aínda que son normais *adoquíos*, *bailaríos*, etc.).

4. ARTIGO DEFINIDO. Cando na normativa de mínimos se use o artigo *el* para o masculino, entón o neutro é tamén *el*, nunca *\*lo* que é un castellanismo. Este neutro coincidente co masculino aparece en exemplos como: *el mellor que fexo foi non vir*; *el seguro foi que non o fixeron elos*; *el que tu fagas a min non me importa*.

5. PRONOMES ÁTONOS DE TERCEIRA PERSOA. En todo o galego de Asturias hai unha gran variedade de paradigmas, indo desde as formas practicamente coincidentes co galego padrón ata reducir todo a *lo*, *la*, *los*, *las*. En máximos pódense usar as formas do estándar, mais páreceme interesante propor un sistema de compromiso consistente en:

1. uso de *o*, *a*, *os*, *as* en posición proclítica: *non o vexo*, *xa as mercaron*.
2. uso de *lo*, *la*, *los*, *las* sempre en posición enclítica, agás tras de nasal: *véxolo*, *veslo*, *viulo*.
3. uso de *no*, *nas*, *nos*, *nas* en posición enclítica tras nasal: *fálanno*, *enténdennas*.

6. VERBOS. No relativo aos verbos, coido que é moi difícil indicar qué formas son as apropiadas. En realidade todas son admisibles sempre que se axusten aos paradigmas da fala viva. Contodo, é importante sinalar, en certos verbos, que as formas coincidentes coas normativas existen e que estas podíanse tomar como preferibles. Tal é o caso do imperfecto de indicativo de *ir*, que ten a forma *-hoxe case extinta-ía, ías, ía...* É importante que se manteñan as desinencias *-ades*, *-edes*, *-ides*, propias destes falares, que na fala tenden a ser reempazadas polas coincidentes co castelán.

Segundo esta filosofía de máximo respecto ás variantes, atoparémonos con verbo que teñen máis dun paradigma segundo as áreas, e que todos eles teñen cabida na lingua subnormativa, como é o caso de *poer~poñer* (o mesmo caso no galego estándar é *pór~poñer*), *facer~faer~fer*, etc. Menos aconsellable me parece *traier* por *traer* ou *trer*, onde a primeira é unha forma pouco enxebre galega.

O infinitivo conxugado detectouse no galego eonaviego e nos textos literarios ás veces aparece.

7. CONSTRUCCIÓNS CON 'EN'. Típico do galego eonaviego é a introducción, en moitos casos, do complemento directo coa preposición *en*, como en *beber no leite*, *coller na madeira*, *agarrar neso*; estas formas teñen plena vixencia nun subestándar eonaviego e é interesante promover o seu uso na lingua escrita.

8. CONXUNCIÓNS. No galego de Asturias falado hai unha gran tendencia —como no resto do galego— a pronunciar a conxunción *e* como /i/. En ningún caso se pode admitir unha escrita diferente de *e*, sexa cal for a súa pronuncia, dado que nalgunha zona (concello de Ibias) chega mesmo a se pronunciar /ja/. En todo caso, esa única grafía recollería todas as variantes posibles.

## LÉXICO

A gran maioría do léxico do galego de Asturias é común co resto do galego. Loxicamente hai variantes propias de cada área que enriquecen o panorama da lingua. Coido que o único criterio que se pode utilizar no emprego do vocabulario é que este sexa enxebremente galego, de xeito que non haxa ningún tipo de limitacións na escolleita do vocabulario que cadaquén queira usar na súa expresión escrita.

Evidentemente hai que ser cautos cos castelanismos e certos asturianismos de entrada recente que non forman parte do léxico eonaviego. Sen embargo, tamén é certo que no galego de Asturias hai un fondo común importante de vocabulario que se coñece tamén en asturiano e non se debe chegar a extremos absurdamente puristas de rexeitar calquera vocábulo cando este existe tamén en asturiano, como é o caso de *melandro*, que convive con *teixugo* o *teixo*, onde a primeira voz é tamén a normal en asturiano (e que se espalla igualmente polo oriente de Lugo). Paréceme importante destacar que termos como *res* son masculinos en galego de Asturias (*el/o res*) á diferencia do que acontece no galego estándar; estas pequenas particularidades son elementos que para os galegofalantes do Eo-Navia teñen un valor especial que non hai que desleixar.

Ao respecto dos cultismos, a súa adaptación non ten que se separar minimamente dos criterios seguidos no galego estándar. Nisto as desemeallanzas dialectais non existen posto que estamos a falar dun substrato que é común a toda a lingua.

## CONCLUSIÓNS

Após a aprobación da nova lei de protección do asturiano pola parte do Xunta Xeral do Principado asturiano e do Congreso dos Deputados, que se fai extensible tamén ao galego falado en Asturias, coido que é imprescindible

contribuír á normalización do noso idioma no Principado. Todas os puntos aos que me teño referido ao longo destas páxinas están baseados en criterios razoables, mais hase tomar coma unha proposta, coma un punto de arrinque para o debate, co desexo de que sirva para que o galego saia adiante na Terra Eo-Navia.

As formas aquí propostas se referen, como xa penso que ficou claro, á lingua escrita, mantendo —insisto de novo nisto— unha flexibilidade en case todo o tocante á morfoloxía, posto que sempre é moitísimo máis o que teñen os falantes eonaviegos entre eles que o que os separa; ao mesmo tempo, esta flexibilidade hase contemplar para a normativa de máximos e de mínimos, tal como viña facendo referencia, co gallo de permitir que os escritores (e os falantes) se acheguen a vontade ou non ao galego padrón.

De cara aos falantes, ha quedar moi claro que unha subnorma refírese sempre á lingua escrita e que iso non afecta a lingua falada, o cal, no caso non só do galego de Asturias, nin sequera do galego en xeral, é algo que chega á fibra sensible de moitos falantes. Ademais, o feito de os falantes non dominaren unha lingua estandarizada de novo cuño provoca que a rexeiten, preferindo empregar o castelán que en maior ou menor medida coñecen e que é unha lingua perfectamente codificada.

Desexo que o subpadrón do galego de Asturias sexa produto do acordo e nunca da imposición, que participen nel todos os estamentos que teñan algo que dicir, desde a Academia Galega e a Universidade de Santiago ata a Universidade de Oviedo, os colectivos implicados na recuperación do idioma e os estudiosos que coñecen ben a realidade lingüística da zona, deixando claro que a potestade administrativa lle corresponde ao Principado de Asturias.

## OBRAS DE REFERENCIA

ACEVEDO HUELVES, B. e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, M.: *Vocabulario del bable de occidente*. Centro de Estudios Históricos. Madrid, 1932.

ALONSO, D.: *Del Occidente Peninsular in Obras Completas, tomo I*, Ed. Gredos, Madrid 1972., págs. 291-533.

- “Enxebre”.
- “El gallego leonés de Ancares y su interés para la dialectología portuguesa” (en colaboración con Valentín García Yebra).
- “El saúco entre Galicia y Asturias (nombres y supersticiones)”.
- “Junio y julio entre Galicia y Asturias”.
- “Notas sobre léxico y etimología”
- “Dos voces portuguesas: *estiar*, *sotaque*”

- “Gallego-asturiano *engalar* ‘volar’ (casos y resultados de velarización de -n- en el dominio gallego)”
- “Gallego *bordelo*, *abordelar* (sobre el par de encuarte en el Nordeste Peninsular)”.
- “Dos palabras gallego-asturianas”.
- “Narraciones orales gallego-asturianas”
- “Ganado vacuno en San Martín de Oscos”.

BABARRO GONZÁLEZ, X.: “Ás voltas co yeísmo”, in *A Freita* 4, 4-9, 1993.

BABARRO GONZÁLEZ, X.: *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago, 1984.

FERNÁNDEZ REI, F.: *Dialectoloxía da lingua galega*, Ed. Xerais, Vigo, 1991.

FRÍAS CONDE, F.X.: “Los derivados de *ille* e *illud* en el gallego de Asturias”, en *Revista de Filología Románica*, 10, págs. 241-252, Universidad Complutense de Madrid, 1993.

- *O galego exterior ás fronteiras administrativas*. Tese de doutoramento. Universidad Complutense de Madrid, 1995.
- “Subestándar versus castrapo no gallego de Asturias”. In *A Freita* n.º 10. págs. 32-39. Eilao (Asturias), 1997.
- “Proposta de notas normativas do gallego de Asturias”. In *A Freita* n.º 10 (I parte, págs. 40-50, 1997) y n.º 11 (II parte, págs. 46-55, 1998). Eilao, Asturias.
- “A literatura asturiana en galego desde 1975”. In *Actas da IV Xunta de escritores asturianos*. págs. 111-124. SEPA. Oviedo, 1997. Comunicación sobre literatura.
- “Sobre os bloques dialectais do galego: unha nova proposta”. In *Revista de Filología Románica*. págs. 241-256. N.º 14. Tomo I Madrid, 1997.
- “Nos confíns da literatura galega: a literatura galega de Asturias”. In *Revista de lengua y literatura catalana, gallega y vasca*. UNED. Madrid (1998), 223-239.
- “Minorías dentro dunha minoría: a propósito do gallego de Asturias”, artigo xornalístico publicado en *A Nosa Terra*, 21 de Xaneiro de 1999.

GARCÍA GARCÍA, J.: *El habla de El Franco*, Instituto Bernaldo Quirós, Mieres del Camino, 1983.

HERNÁNDEZ, A.: “Algunas características del habla de As Figueiras”, in *Estudios y Trabajos del Seminario de Llingua Asturiana (II)*. Universidad de Oviedo, 1979.

MUÑIZ, C.: *El habla del Valledor*. Academische Pers., Amsterdam 1978.

OTERO ÁLVAREZ, A.: “Contribución al léxico gallego y asturiano” in *AO* III, 1953, págs. 113-134 (I); 399-417 (II); V 1955, págs. 382-399 (III); VII, 1957, págs. 170-188 (IV); VIII, 1958, págs. 173-191 (V); IX, 1959, págs. 72-90 (VI); X, 1960, págs. 341-357 (VII); XII, 1962, págs. 409-426 (VIII); XIII, 1963, págs. 49-66 (IX); XIV, 1964, págs. 233-249 (X).

- *Vocabulario de San Jorge de Piquín*. Verba, anejo 8, Santiago de Compostela, 1977.
- PÉREZ DE CASTRO, J.L.: “Contribución al vocabulario del bable de Occidente” (I) in *BDTP* XI, 1955, págs. 119-144; (II) *RDTP* XXIV, 1968, págs. 57-64; (III) in *AO* XXXVII.
- VV.AA. *Actas das I Xornadas do galego de Asturias*. Ed. Xerais, Vigo, 1994.
- VV.AA. *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*. MDGA, Eilao, 1991.